

Arnela

A Laracha

LEI DE AUGAS DO PP

A Lei de Augas de aproboouse no Parlamento Galego o 26 de outubro de 2010 cos únicos votos favorábeis do PP, e entrou en vigor o 18 de decembro. **A Xunta ten 6 meses para aprobar o regulamento da Lei, non empezará a cobrarse até despois das eleccións municipais.**

- Cámbialle o nome ao Canon de Saneamento, que pasa a chamarse Canon da Auga, e crea o Coeficiente de Verquido.
- A Xunta non mellorará a calidade da nosa auga e non se fará cargo do mantemento das traídas e pozos particulares. **É unha lei exclusivamente recadadora.** O PP aprobou esta lei para recadar máis cartos.

QUEN PAGARÁ O IMPOSTO DA AUGA?

- Todas as galegas e galegos que consuman auga.
- O PP crea o Canon da Auga, que gravará o consumo de auga real ou potencial (artigo 45 da Lei).
- **Pagaremos pola auga da traída e dos pozos, mesmo pola da choiva** (artigo 45, apartado 3).

NO PP DIN QUE NON TEMOS QUE INSTALAR CONTADORES

Froito da presión social feita polo BNG, o PP retirou do anteproxecto de lei a obrigatoriedade de instalar contador, con todo será obrigatorio no caso de que Augas de Galiza así o requira (artigo 85)

CANTO PAGAREMOS POLA AUGA?

No caso de traída e pozos particulares: Aplicarase a estimación obxectiva, a cota do imposto establecerase *“en atención ás características e ás circunstancias do aproveitamento,*

tendo en conta a capacidade de extracción, adución ou almacenamento de auga dos mecanismos instalados polo suxeito pasivo...” (art. 50)

No caso de traídas públicas:

- Aplicarase unha tarifa en función do número de persoas que habiten a vivenda e o consumo que realicen mensualmente.
- A Lei de Augas do PP establece o imposto ou **Canon da Auga**, que pagarán todas as galegas e os galegos, e a taxa chamada **Coeficiente de Verquido**, que se recadará nos concellos que teñan unha depuradora (EDAR), dependente da Xunta de Galiza.

NO PP DIN QUE O RURAL ESTÁ EXENTO DO IMPOSTO: MENTIRA!

Non hai un só artigo na Lei 9/2010 onde se diga tal cousa. É máis, o PP, coa súa maioría absoluta no Parlamento Galego, impediu que se **aprobara unha emenda do BNG** na que quedarían exentos todos os núcleos rurais de menos de 2.500 habitantes, é dicir, todo o rural galego.

NO PP DIN QUE AS EXPLOTACIÓNS NON PAGAN: MENTIRA!

Os usos agrícolas ou gandeiros non estarán suxeitos ao canon, **sempre que non exista contaminación por fertilizantes pesticidas ou materias orgánicas.** Isto supón que a maior parte das explotacións terán que pagar.

NO PP DIN QUE ELES NON SOBEN OS IMPOSTOS: MENTIRA!

A Lei de Augas de Galiza, reflicte todo o contrario. **Non só pagarán impostos polo consumo da auga os residentes no rural**, que teñan traídas propias ou pozos particulares, senón que **os que viven na vila pagarán moito máis pola auga que consumen.**



O noso local

O BNG da Laracha ten un Local na **Rúa Argentina** (perpendicular á R/ Santa Lucía, fronte ao Bar Santiago's) **da Laracha**, que está aberto todos os **mércORES de 10:30 a 13:00 e de 18:00 a 21:00 horas.**

Estamos no local para recibir a toda aquela persoa que queira falar con nós, para o que queira consultarnos algunha dúbida, facer algunha proposta ou crítica. **O noso local é a súa casa.**



www.bng-galiza.org
Edita: BNG A Laracha